

# Semana 09

## 1º e 2º ESO

### O troco de sempre

No mercado do troco cámbiase:

- Unha sandía e un melón por un queixo.
- Un queixo por tres pans.
- Dous melóns por tres pans.

Cantas sandías che darán por un queixo?



## 3º ESO, 4º ESO, FPB e CM

### Cuestión de ovos




A miña avoa vendeu no mercado ovos. Á primeira persoa vendeulle a metade dos seus ovos máis a metade dun ovo, a metade do resto dos ovos máis a metade dun ovo ao segundo comprador, e ao terceiro, a metade dos ovos que lle quedaron máis a metade dun ovo. Ao final volveu para casa con 5 ovos. Cantos ovos levou ao mercado?

## Bacharelato e CS

### Ecuación de segundo grao

Ecuación cuadrática

$$ax^2 + bx + c = 0$$



$$x = \frac{-b \pm \sqrt{b^2 - 4ac}}{2a}$$

Escribe todas as solucións de:

$$(x^2 - 7x + 11)^{x^2 - 6x - 7} = 1$$